

O APOIO A TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA. UNHA EXPERIENCIA EN PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Manuel Carlos Núñez Singala

Servicio de Normalización Lingüística. Universidade de Santiago de Compostela

O que se pretende na presente comunicación é expoñer, polo miúdo, unha experiencia en planificación lingüística promovida polo Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante SNL), unha iniciativa múltiple, como se verá, e ata certo punto aínda incompleta. Dise isto último porque, se toda actividade de normalización consta de tres grandes fases (*xestión, execución e avaliación*), no caso do que se ocupa este relatorio a fase de avaliación está polo momento inacabada, maiormente por falta de perspectiva temporal.

Para unha maior claridade expositiva teranse en conta as tres fases anteditas como epígrafes que vertebren esta comunicación.

XESTACIÓN

A comunidade universitaria confórmana tres colectivos ben diferenciados por traballo, idade, estatus social, intereses, nivel cultural e aínda outros factores. Estes tres grupos, a saber, estudantes, persoal docente e persoal de administración e servizos (PAS), mostran así mesmo unhas pautas xerais diferenciadas de conductas lingüísticas, tanto a nivel de coñecemento, como de usos ou actitudes, de xeito que unha planificación lingüística responsable debe ter en conta todos estes factores se quere obter resultados positivos.

De entre os tres colectivos, e segundo unha enquisa global do ano 1988 (se cadra obsoleta hoxe verbo dos estudantes, dado que a súa permanencia media na institución universitaria se sitúa por volta dos sete anos, pero que conserva aínda unha relativa vixencia no tocante ó persoal docente e sobre todo ó PAS, colectivos moito menos móbiles) os resultados máis favorables á lingua galega, tanto no coñecemento e competen-

cia oral e escrita, como nos usos e así mesmo nas actitudes e expectativas de futuro, correspondían ó PAS. O colectivo docente situábase nunha posición intermedia e, por último, dos estudantes desprendíanse os peores resultados. Digamos que se houbera que facer unha lista de fidelidades á lingua galega, o PAS estaría en primeiro lugar, o persoal docente en segundo, e os estudantes en terceiro lugar.

De cara á planificación o que se fixo foi darlle a volta a esa lista; o colectivo que necesitaba atención urxente era o de estudantes, despois o de persoal docente e máis adiante o de PAS. Por ese motivo as primeiras campañas de dinamización lingüística que se puxeron en marcha foron dirixidas ós estudantes: *En galego o que ti queiras; Baixa da lúa, en galego estamos no mundo*, e outras que se cadra aínda estean na memoria dos asistentes. Cómpre dicir que o SNL non tiña –nin ten aínda– recursos humanos, nin moito menos económicos, como para poder traballar nas tres fronteas á vez, de modo que resultaba imperativo realizar unha escolla.

Comezouse, xa que logo, por poñer en marcha iniciativas destinadas a promover o uso da lingua galega no colectivo de estudantes, e pouco despois intentouse abordar o docente con varias iniciativas que se presentaron ó equipo rectoral que daquela presidía o rector Villares. Algunhas aceptáronse, outras rexeitáronse. Das aceptadas non todas tiveron o éxito esperado e algunhas aínda continúan hoxe en día, como é o caso das campañas de apoio a traballos de investigación en lingua galega.

Cómpre dicir, de entrada, que o colectivo docente era e segue a ser notablemente difícil para o planificador. Trátase dun corpo especial da administración civil do Estado, non da administración autonómica, pero que traballa dentro dunha administración, a universitaria, dependente da comunidade autónoma. Este feito levou, en parte, a rexeitar algunha iniciativa, como a creación de prazas con perfil lingüístico. É, por outra banda, un colectivo feito de individualidades moi marcadas, xeralmente dado ós exclusivismos. Por estes motivos desbotáronse de entrada a realización de campañas xenéricas de propaganda lingüística do tipo das mencionadas arriba, prevendo que a receptividade sería moi escasa ou nula. Había que engadir, ós factores xa sinalados, o feito de que aínda estaban moi recentes as dúas macrocampañas realizadas polo SNL, co cal a capacidade de recepción, de existir, estaría saturada.

Si se puxeron en marcha, sen embargo, algunhas iniciativas que o colectivo docente universitario aceptou de bo grado en principio, e nas que agora participa e que mesmo demanda. Estámonos a referir ás dúas coleccións de Vocabularios e Léxicos específicos que o Servicio mantén na actualidade e que gozan de inmejorable saúde. Este tipo de traballos, aínda que custe crelo, foron quen de facer que algún profesor cambiase do castelán para o galego á hora de dar as súas clases.

Obtivo tamén certa resposta a oferta do Servicio de corrixir ou traducir ó galego os programas das materias daqueles profesores que o desexasen. Isto, aínda que poida parecer pouco, é ás veces un primeiro paso para desembocar nun compromiso persoal máis amplo coa lingua galega.

Sen embargo todo iso non abundaba, podía servir para conseguir un pequeno número de adhesións —en absoluto desprezables—, pero o SNL vía con claridade que cumpría facer algo máis.

Por outra banda, unha análise realista, ó alcance de calquera, deixaba patente que algúns cambios non se conseguirían xamais. Péñese nun profesor tipo de cincuenta anos, formado lingüística, ideolóxica e cientificamente na dictadura, acomodado nun material docente intelectualizado en castelán. Engádaselle a isto unha práctica docente monolingüe de vinte anos e obterase unha rocha case por completo inamovible.

Estaba claro que a esperanza había que poñela nun cambio a máis longo prazo: o galego podería entrar nas aulas se eramos capaces de que as novas xeracións o fosen incorporando a medida que elas mesmas accedían á carreira docente. E iso si tiña posibilidades, víase factible e pagaba a pena intentalo. Había, ademais, un defecto apostado á universidade española que traballaba ó noso favor: a endogamia. A Universidade de Santiago de Compostela nútrese, para o seu profesorado, dunha porcentaxe moi alta dos seus propios titulados.

Non foi difícil chegar á conclusión de que un futuro docente tería moitas máis posibilidades de inclinarse a exercer en galego se elaboraba nesta mesma lingua a súa tese de doutoramento.

EXECUCIÓN

Unha vez que se viu claro cal era o obxectivo perseguido, cumpría deseña-la maneira de conseguilo. E o primeiro paso era, por suposto, convencer á mesma universidade de que tal proxecto, ademais de viable, era conveniente.

Obtívose información sobre as teses lidas nos últimos anos e verbo do número delas que foran defendidas en lingua galega. Os resultados a favor do galego eran tan pobres que xustificaban dabondo unha iniciativa neste sentido. Pensouse así mesmo nunha campaña de apoio da que termasen dous piares básicos: a axuda lingüística e a subvención económica. Concretouse, incluso, un lema que a identificase: *Fai a túa tese en galego, sairache mellor.*

Todo ese material foi presentado ó vicerrector correspondente que, cômpre dicilo, non puxo impedimentos á realización nin obxección á asunción dos custos que implicaba.

Destá maneira, o día 14 de maio de 1993 o rector asinaba a primeira convocatoria de axudas para a realización en lingua galega de teses de doutoramento, unha campaña mediante a cal se lle ofrecía a calquera doutorando (agás os adscritos a Filoloxía Galega) a posibilidade de contar con asesoramento lingüístico por parte do SNL e cunha axuda económica de ata cincuenta mil pesetas en concepto de custos de fotocopiado e encadernación.

Co obxecto de difundir este tipo de axudas encargouse a unha empresa de deseño gráfico un cartel e un tarxetón que se distribuíron por tódalas facultades e departamentos da universidade.



Figura 1

O SNL é moi coidadoso á hora de realiza-la escolla do deseño do material gráfico. Non se nos oculta que unha gran porcentaxe do éxito depende de que a mensaxe que se emita chegue ós receptores para os que foi pensada, e abonda ve-la fartura de avisos, notas e carteis variados de calquera centro universitario para comprender que a competencia é enorme. A iso cómpre engadir-lle a saturación de mensaxes publicitarias do mundo actual, que case anulan a capacidade de sorpresa, de reacción dos potenciais receptores.

Hai aínda algo máis, e isto é moi difícil de avaliar ó non se tratar dunha cuestión cuantificable, pero cremos que non carece de importancia: nunha situación de falta de prestixio da lingua como a nosa, onde o galego se identificou (e aínda se identifica) co atraso, coa pobreza, coa falta de recursos... o feito de que os carteis estean ben feitos, que resulten bonitos e atractivos, supón un plus de dignidade para unha lingua sempre falta dela. Por iso os traemos hoxe aquí e insistimos en que se vexan.

A campaña foi unha realidade nun tempo verdadeiramente curto, e isto polo feito de que a súa execución dependía en exclusiva da universidade. De todos modos, e xa que o SNL ten un convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, ofrecéuselle-la posibilidade de que en anos posteriores participasen economicamente na campaña. A proposta foi aceptada e para o ano seguinte, 1994, o apoio á redacción e defensa en lingua galega de teses de doutoramento asinábano ámbalas dúas institucións. Para incluí-lo logotipo da Xunta de Galicia nos ítems deseñados para a campaña era necesario facer novos fotólitos, de modo que se aproveitou a ocasión para redeseña-la liña gráfica, e cuns carteis e tarxetóns máis rechamantes insistir na oferta que se facía.



Figura 2

As reaccións a esta campaña foron en xeral positivas. Houbo, así a todo, que desfacer algúns malentendidos: as dúbidas dalgún estudante sobre se aquilo non sería unha manobra do Rectorado para controla-la normativa ortográfica empregada na redacción das teses, ou a pregunta do Departamento de Galego sobre o motivo polo que se excluía das axudas ós estudantes de Filoloxía Galega. Sufríronse, por outra banda, as críticas reiteradas dunha asociación pola liberdade de certo idioma porque, segundo eles, tales axudas, supoñían unha discriminación intolerable para os que facían as súas teses en castelán. E mesmo houbo quen chegou a dicir que o lema da campaña, *Fai a túa tese en galego, sairache mellor*, supoñía recoñecer implicitamente que, en castelán, saíría peor. Ó cal non houbo máis remedio que responder que así era... economicamente.

En liñas xerais a acollida foi boa, mesmo recibimos varias demandas alentándonos a facer algo que xa tiñamos en proxecto: estende-lo sistema de apoio ás memorias de licenciatura, as coñecidas “tesañas”. O feito de existir demanda social neste sentido foi moi importante á hora de *vender* o novo produto, tanto ó rectorado como á Xunta de Galicia.

No ano 1994 facíase pública a primeira “Convocatoria de axudas para a realización de Memorias de Licenciatura” co seu correspondente aparato de propaganda.



Figura 3

As axudas ofertadas son basicamente iguais ás ofrecidas no caso das teses, pero a dotación económica é menor, como menores adoitan se-los gastos de elaboración dunha memoria de licenciatura.

No ano 1995 o sistema de difusión das axudas ampliábase poñendo ó dispor do público todo o material de propaganda e as convocatorias de axuda en Internet, por medio do servidor *Web* que mantén o SNL.

Finalmente, o presente ano 1996, completábase-lo programa, xa cun equipo rectoral distinto, engadindo á campaña de apoio lingüístico e económico os proxectos de fin de carreira.

PROXECTO DE FIN DE CARREIRA

¿Por fin en galego?

Se redactas e defende-la teu **Proxecto de Fin de Carreira en lingua galega**, a Universidade de Santiago de Compostela ofrécete:

- Aconsello lingüístico e terminolóxico por parte do Servizo de Normalización Lingüística. Mesmo a corrección lingüística da totalidade do Proxecto, se así o desexas.
- Se xa o comezaches en castelán, o SNL traducirache os primeiros capítulos, para poderes continualo si en galego.
- A Universidade axudarache cos gastos de fotocopiado e encadernación, ata un máximo de 10.000 ptas.

Se che interesa ponte en contacto connosco:

Servizo de Normalización Lingüística

CAMPUS DE SANTIAGO
Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro
Tel: (981) 54 22 65

CAMPUS DE LUGO
Vicepresidencia, Facultade de Veterinaria.
Tel: (982) 25 23 03, ext: 348

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALIÇA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN UNIVERSITARIA
Departamento de Normalización Lingüística

Figura 4

Este tipo de axudas van dirixidas ás escolas de enxeñería que se sitúan maioritariamente no campus de Lugo. O sistema de axudas é similar ós anteriores pero axustado ós gastos medios dun proxecto de fin de carreira.

AVALIACIÓN

Dende o principio sabiamos que traballabamos con accións que só serían rendibles a longo prazo, e que necesitarían dun prazo medio para seren avaliadas. E son dúas as avaliacións pendentes: a medio prazo, cómpre descubrir se o número de traballos de investigación en lingua galega segue unha tónica ascendente, e a longo prazo, se isto se traduce nun maior grao de emprego da lingua galega na docencia.

O tempo medio para a realización dunha tese de doutoramento supera os tres anos que leva a campaña en funcionamento, o cal non permite saber polo de agora se estamos ante un avance ou un retroceso no uso da lingua nin se a intervención do SNL ten algo que ver nese proceso. Seguramente as teses lidas en galego nestes anos foran xa come-

zadas antes do programa de axudas, e serían lidas nesta lingua de todos modos. So é posible ofrecer unha avaliación subxectiva, sobre o número de consultas e de encargos de corrección lingüística deste tipo de traballos que recibe o SNL, e esa avaliación, insistimos que subxectiva, si é positiva. Positiva pero só moi moderadamente optimista, xa que se parte dunha situación penosa: durante o pasado ano 1995, escollámo-lo exemplo máis recente, léronse un total de 229 teses de doutoramento, pero delas só 10 foron lidas en galego, o que supón un paupérrimo 4,3%. E o índice é aínda máis pobre se temos en conta que, desas 10 teses, 3 pertencían a Filoloxía Galega.

Sobre as memorias de licenciatura hai un intento de avaliación publicado no número trece da revista *O Cartafol*¹, válido en canto ós datos que ofrece, pero carente da perspectiva temporal necesaria para mostrar sinais de evolución.

Do que si se encargou o SNL foi de poñer en marcha os mecanismos pertinentes para que, no futuro, poidan avaliarse os datos, pois, por increíble que pareza, nos arquivos da universidade non constaba a lingua en que eran realizados este tipo de traballos.

Si resulta positiva a difusión da mensaxe sobre as axudas, pois practicamente a totalidade dos autores de traballos de investigación realizados en lingua galega solicitan as subvencións que o SNL ofrece. Énos imposible saber, polo de agora, se os que presentan os seus traballos en castelán descoñecen as axudas que ofrecemos, pero moito nos tememos que ese non sexa o motivo da súa escolla lingüística.

Por outra banda, e para rematar, cómpre sinalar que se constata un perigoso círculo vicioso, que adiviñamos difícil de romper. A maioría dos traballos de investigación en galego proveñen dos centros onde os índices de docencia en galego son máis elevados, e por outra banda, os resultados máis pobres despréndense dos centros onde o uso da lingua por parte dos profesores é menor. En definitiva, profesores castelanfalantes dirixen traballos en castelán, e profesores galegofalantes en galego. Non sabemos aínda como, pero o SNL debe romper esta tendencia a favor da lingua galega. Para dicilo noutras palabras: somos conscientes de que co feito ata o de agora non abonda, e que ó SNL lle compete facer propostas creativas, e ó equipo de goberno arbitrar medidas para que a lingua galega sexa algún día normal nesta universidade, segundo se proclama nos seus Estatutos.

¹ “¿Fas memoria? Ano 1995”, *O Cartafol* 13, 1996, pp. 4-5.